

Convocatoria do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral

ORDE do 15 de novembro de 2019 pola que se realiza a convocatoria pública para o ano 2020 do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Especialidades convocadas:

- Atención sociosanitaria a persoas no domicilio (SSC089_2): 300 prazas
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSC320_2): 250 prazas
- Socorrismo en espazos acuáticos naturais (AFD340_2): 200 prazas
- Socorrismo en instalacións acuáticas (AFD096_2): 200 prazas
- Docencia da formación para o emprego (SSC448_3): 100 prazas
- Extinción de incendios e salvamento (SEA129_2): 150 prazas
- Operacións de vixilancia e extinción incendios forestais e apoio a continxencias no medio natural e rural (SEA595_2): 150 prazas
- Confección e mantemento de artes e aparellos (MAP005_2): 75 prazas
- Vixilancia e seguridade privada (SEA029_2): 150 prazas
- Instrución en ioga (AFD616_3): 150 prazas
- Servizos para o control de pragas (SEA028_2): 75 prazas

Requisitos:

- Nacionalidade española, residente comunitario ou familiar deste ou ser titular dunha autorización de residencia en España en vigor.
- Ter 20 anos cumpridos no momento de realizar a inscrición.
- Ter experiencia laboral e / ou formación non formal relacionada coas competencias profesionais que se queren acreditar.
- Experiencia laboral: xustificar polo menos 3 anos, cun mínimo de 2000 horas traballadas en total nos últimos 10 anos, transcorridos antes de realizarse a convocatoria.
- Formación non formal: xustificar polo menos 300 horas nos últimos 10 anos. Naqueles módulos formativos asociados á unidade de competencia que se pretende acreditar que recollan unha duración inferior, deberánse acreditar as horas establecidas nestes.
- Non estar matriculado /a nun curso de formación profesional inicial ou non estar realizando formación profesional para o emprego, conducente á acreditación das unidades de competencia que solicita. Non posuír un título de formación profesional ou un certificado de profesionalidade que conteña a/as unidade/es de competencia que solicita.

→ Prazo de presentación de solicitudes: Ata o 27/12/2019

Máis información:

- ✓ No D.O.G do día 26 de novembro: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20191127/AnuncioG0424-191119-0007_gl.pdf
- ✓ Ou no **Servizo de Orientación Laboral**
Rúa da Capela nº 13, 1º andar (Serra de Outes)
Atención ao público: mércores, xoves e venres de 08:00 a 15:00 h
Teléfono: 981 851 09
Enderezo de correo: orientacion.laboral@outes.gal